
Revista trimestral do Ateneo Ferrolán ESPECIAL POESÍA VISUAL 2011




AtENEA

Nº 42



Revista trimestral do Ateneo Ferrolán ESPECIAL POESÍA VISUAL 2011



Nº 42

AtENEA



Ateneo Ferrolán

Sumario

ATENEA Revista trimestral do Ateneo Ferrolán Nº42
Especial Poesía Visual 2011
DIRECCION E COORDINACION Ateneo Ferolán
CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA **María Xosé Villar Corral**
DESEÑO E MAQUETACIÓN **Cocinanegra**

A revista trimestral ATENEA comezou a publicarse o día 1 de outubro de 1999.
A publicación da revista ten unha tirada de 1.000 exemplares distribuíndose de forma gratuíta: a soci@s desta entidade, a Centros de Ensino, Culturais, Bibliotecas e Centros de especial interese de Galiza e resto da península.

Está a converterse, logo de moitas dificultades, nun referente no mundo das publicacións en galego pola gran calidade dos seus colaboradores, ocupándose dalgúns dos temas clave da sociedade, a política, a historia, o medio ambiente as artes, ... A «segunda época» iníciase no número 36 en xaneiro de 2010, que en principio, sae co contido e liña temática moi similares á primeira etapa, pero cun cambio no seu deseño, grazas á colaboración dos seus enmaquetadores.

O obxectivo nesta nova fase é primar o carácter cultural desta «revista de ideas».

A Revista ATENEA procura ofrecer, en cada número, unha miscelánea de colaboracións rigorosas e atentas aos temas do noso tempo, para elo conta coa colaboración de autores e autoras de Galicia e do resto da península, cunha especial atención a todo o concernente á cultura en galego, que sempre estivo presente na tribuna do Ateneo onde, por riba de todo, se divulgan todas as inquietudes intelectuais do noso país e danse a coñecer as primicias de novas correntes artísticas e literarias.

Neste nº 42 da nosa revista trimestral ATENEA abordamos a **poesía visual**, unha forma experimental na que a imaxe, o elemento plástico, en todas as súas facetas, técnicas e soportes, predomina sobre o resto dos compoñentes. Esta forma de poesía no verbal, constitúe un xénero propio, e no campo da experimentación, os seus creadores móvense na fronteira entre os xéneros e as artes, como a pintura, acción poética, o teatro, a música e a mesma lírica discursiva, dando lugar a diversas formas de poética.

O Ateneo Ferrolán mantense fiel ao seu lema: "Un lugar de encontro para a cultura". Un lugar para a curiosidade que é o motor da creatividade e da ciencia.

Os proxectos inmediatos deste Ateneo Ferrolán son: a inauguración inminente da nova sede; continuar coas actividades consolidas: Club de Lectura, Xornadas de Curtametraxes, Certame Fotográfico, Concurso "Constantino Bellón", a edición do Caderno e da revista trimestral Atenea, impulsar a Biblioteca Dixital da nosa entidade, finalizar o inventario dos bens artísticos do Ateneo e a incorporación de novos socios e socias mediante a mellora da nosa web (grazas ao Convenio coa Fundación Barrié de la Maza), así como firmar acordos e convenios con diferentes entidades e institucións.

A Xunta Directiva do Ateneo Ferrolán



CELSO EMILIO FERREIRO

CEN ANOS DO SEU NACEMENTO O 6 XANEIRO DE 2012



CELSO EMILIO FERREIRO (Celanova, 1912 - Vigo, 1979)

Escritor en lingua galega, máxima figura dunha poesía social e politicamente comprometida coa cultura de Galicia. Estudou dereito nas universidades de Santiago de Compostela e Oviedo.

En 1934 fundou a Federación de Mocedades Galeguistas e dirixiu a revista Guieiro, voceiro da devandita organización. Mobilizado en 1936, estivo encarcerado varios días no mosteiro de Celanova.
Finalizada a Guerra Civil española foi redactor xefe de Finisterre.

En 1966 emigrou a Venezuela, onde organizou durante un tempo as actividades culturais da Irmandade Galega. Enfrontado cos grupos dominantes da emigración galega, regresou a España en 1973 e dirixiu a Aula de Cultura Galega do Ateneo de Madrid. Tamén colaborou como crítico literario de obras publicadas en galego no diario ABC.

Na súa etapa de formación, representada por Cartafol de poesía (1935), advírtense resonancias posmodernistas e sobre todo imaxinistas, dentro da tradición dos movementos galegos de vangarda. Tamén practicou a liña neotrovadoresca, reflectida no dominio técnico do verso e nos áxiles xogos de imaxes. Con O soño sulagado (1954) consagrouse como un poeta de grande habilidade formal, capaz de ordenar os elementos discursivos dentro dunha rigorosa construción co obxecto de conseguir un meditado efecto final.

No seu libro seguinte, Longa noite de pedra (1962), propúxose recuperar o realismo social da poesía galega do seu tempo, o que o converteu no poeta civil de Galicia. Baseándose nunha liña satírica e combativa que ten como precedente inmediato a C. Enríquez, Ferreiro adopta un acento de protesta, acritude e desapiadado sarcasmo, con versos ácidos e directos que serviron de inspiración e guía numerosos poetas galegos dos anos sesenta.

Fronte ao ensimesmamento do eu en soidade e á evocación sentimental ou paisaxística, temas considerados característicos da poesía galega, Ferreiro declarouse seguidor dunha tradición belixerante e dunha corrente de denuncia non menos perceptible dentro da lírica creada no seu idioma. Do seu desencontro coa Galicia da diáspora naceu Viaxe ao país dous ananos (1968), un virulento ataque contra os emigrantes enriquecidos que explotaban os seus paisanos en América. O ton burlesco está presente en Cimiterio privado (1973), mentres que Terra de ningures (1969) se compón de estampas do exilio e da recreación nostálxica da paisaxe perdida.
O último volume de poemas publicado en vida do autor foi Onde ou mundo se chama Celanova (1975), no que predomina a visión melancólica das feridas causadas polo paso do tempo na existencia do poeta. En prosa escribiu A frontera infinida (1972) e A taberna do galo (1978), e en castelán deu a coñecer diversos libros de versos, entre os que destaca Antipoemas (1972), e a magnífica biografía de Curros Enríquez (1954).

ESPECIAL PO

ESIA VISUAL

AGUSTÍN CALVO GALÁN
Barcelona

Ateneo Ferrolán





Esta acendida a fogueira
Operarios queimando prasticos
No asfalto

As bolboretas chamuscanse no ar
E a tos dun vello
Faime fitar para o ceo

Onde o fume negro
Vai ascendendo
Ata a division
primeira





Ateneo Ferrolán


ALFONSO RODRÍGUEZ

Ourense

ANA GONZÁLEZ MORO
A Coruña

Ateneo Ferrolán

Poema - Caracol
(un poema enroscado en se mesmo)



O meu mundo é un universo ao sol, a miña patria as palabras, o meu destino arrastrar a vida, o meu camiño a ruta dos versos, a miña ambición a xeografía do amor.

canto á vida

gloso ao amor

O meu rastro é un camiño de prata

Ana Moro



ÁNGELS JORNET SAGUÉS
Tarragona

hab



ARTEMIO LÁNDOAS


BALDO RAMOS A Coruña

escaleiras que se estreitan preto da ollada, onde os pozos da nostalxia afastan a sede dos fillos que non nacerán



BARTOLOMÉ FERRANDO
Valencia





Ateneo Ferrolán

CORPORACIÓN SEMIÓTICA A Coruña

CRISTINA FERREIRA

Lugo

Que agochan os teus ollos?


Que agochan os teus ollos?

Ateneo Ferrolán




JESÚS GARCÍA EIROA
Ferrol

JORGE CHAMORRO
Madrid



Ateneo Ferrolán




(18) Nachsilbe





1. Das Zeichen für die Nachsilbe -ung ist
(außer n, eig













JOSÉ FRANCISCO VARELA RIAL
A Coruña


rosa dos ventos (vox pópuli)





ELISO
Vigo

MARISOL GÁNDARA
Ordes



Aquí gárdase o corpo non luxado con preceptos, concepto tan prístino inmune as liñas trazadas con man de home fondo aínda en esbozo forma sen deseño. Pel asexuada, acorar tan dérmico gárdase aquí a equidade dos usos, dominación aínda non acuñada da información táctil que ofrecen os obxectos

Aquí agárdase un corpo, temperatura exacta para o corpúsculo de Ruffini, materia idónea para acalar tristes ecos, restos de voz desexos cuxo nome borraron coa pedagoxía do silencio e non saber nunca que se mans podían ser para ver cos ollos pechos… perogarda cada díxito a sospeita sen número de que algún día veremos


P
T o l o
b
r
e
Seica quere falar galego

MIGUEL ANGEL ALONSO DIZ

Vigo

PAULO PARDO CARRERA

Vigo



Crecer imp
sufrimie

Así es la Cuenta Expansió
comercios y pequ



Ateneo Ferrolán

O caos

a torm

inexa

a perspe

inusua

Ateneo Ferrolán



ROSANEGRA
Vigo

SERGI QUIÑONERO
Tarragona




Ateneo Ferrolán